



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliación s medias marzo 2017

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2017

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de marzo deste ano 2017 acadou a cifra de 959.134 para o total do sistema, o que supón un incremento respecto ao pasado mes de febreiro de 5.571 afiliacións (un 0,58%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 17.910.007, rexistrando un incremento do 0,91% con respecto a febreiro de 2017.

Na comparativa interanual (marzo de 2017 con marzo de 2016) obsérvase un incremento de 18.586 afiliacións no total do sistema en Galicia (un 1,98%), e un incremento do 3,49% (604.209 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de febreiro de 2017 o único descenso rexístranse en Ceuta e Melilla (-0,26%). O resto de comunidades autónomas presenta taxas intermensuais positivas destacando Baleares (6,30%), Murcia (1,74%) e Andalucía (1,11%).

En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior todas as comunidades amosan taxas positivas. Os maiores incrementos atopámolos en: Baleares, Canarias, Murcia, Cataluña, Comunidad Valenciana, Andalucía, Madrid, Castilla La Mancha, e Aragón (todas elas con taxas por riba do 3%). A taxa de variación relativa interanual do conxunto do estado presenta así un valor positivo do 3,49%.


Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA MARZO 2017	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	17.910.007	161.752	0,91	604.209	3,49
Galicia	959.134	5.571	0,58	18.586	1,98
Andalucía	2.923.751	31.987	1,11	106.253	3,77
Aragón	536.923	3.468	0,65	15.949	3,06
Asturias	353.117	2.909	0,83	6.164	1,78
Baleares	429.954	25.474	6,30	23.212	5,71
Canarias	752.684	3.906	0,52	36.507	5,10
Cantabria	204.920	1.854	0,91	5.677	2,85
Castilla La Mancha	649.913	1.730	0,27	21.732	3,46
Castilla y León	880.306	4.574	0,52	17.746	2,06
Cataluña	3.212.076	31.119	0,98	119.846	3,88
Comunidad Valenciana	1.756.587	11.559	0,66	64.512	3,81
Extremadura	374.510	2.213	0,59	5.827	1,58
Madrid	2.974.961	20.364	0,69	107.365	3,74
Murcia	548.437	9.360	1,74	25.496	4,88
Navarra	265.419	1.618	0,61	7.456	2,89
País Vasco	922.032	3.489	0,38	18.330	2,03
La Rioja	122.514	668	0,55	3.311	2,78
Ceuta e Melilla	42.767	-113	-0,26	237	0,56

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

1

O Ministerio de Trabajo e Inmigración dende o informe de xullo de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad social

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado nas catro provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta o maior incremento interanual nas afiliacións cunha taxa de variación do 2,28%, o que supón 9.203 afiliacións máis, seguida de Pontevedra, cunha taxa interanual do 2,07%, e Lugo (1,37%). A provincia con menor incremento relativo é Ourense, onde se rexistraron 1.106 afiliacións máis que en marzo de 2016, un incremento relativo do 1,13%.

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de marzo con respecto ás do pasado mes de febreiro de 2017, rexistrouse un incremento en Galicia do 0,58%. As catro provincias galegas amosan un datos positivo sendo A Coruña e Lugo con taxas de 0,71% e 0,70% respectivamente as que teñen as taxas máis elevadas.

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA MARZO 2017	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	413.251	2.927	0,71	9.203	2,28
LUGO	117.606	818	0,70	1.590	1,37
OURENSE	99.306	282	0,28	1.106	1,13
PONTEVEDRA	328.971	1.544	0,47	6.687	2,07
GALICIA	959.134	5.571	0,58	18.586	1,98
ESPAÑA	17.910.007	161.752	0,91	604.209	3,49


Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 75,4% das afiliacións galegas en marzo de 2017, aumentaron un 0,67% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un incremento do 2,87%. En España estas taxas foron do 1,00% con respecto a febreiro de 2017 e do 4,10% en relación ao mes de marzo de 2016. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (68,5%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas amosan taxas de crecemento interanuais negativas. O descenso medio da comunidade galega situouse no -0,79% sendo Lugo a que amosa o peor comportamento cunha taxa negativa do -1,49%. Para este réxime e con respecto ao mes pasado, estas taxas son nembargante positivas nas catro provincias e temos así unha taxa do 0,18% para o conxunto de Galicia. A taxa nacional para este réxime presenta tamén variacións positivas con respecto a febreiro de 2017 (0,48%) e con respecto a marzo de 2016 (0,87%).

No que respecta ao réxime especial do mar, as taxas con respecto a marzo de 2016 son positivas en todas as provincias agás en Pontevedra (-0,32%). Nembargante non ocorre o mesmo coas taxas intermensuais nas que destaca Lugo cunha taxa de variación do 3,60% (a máis positiva) seguida por Pontevedra (1,72%) e A Coruña (0,84%). A taxa galega amosa así un incremento do 1,60% con respecto a febreiro de 2017 e do 0,48% se a comparación se realiza con marzo de 2016.




Cadro 3.- AFILIACIÓNS POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA DE MARZO 2017	VARIACIÓNS RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	413.251	0,71	2,28
LUGO	117.606	0,70	1,37
OURENSE	99.306	0,28	1,13
PONTEVEDRA	328.971	0,47	2,07
GALICIA	959.134	0,58	1,98
ESPAÑA	17.910.007	0,91	3,49
R. XERAL			
A CORUÑA	320.409	0,86	3,15
LUGO	80.512	0,91	2,66
OURENSE	74.093	0,32	1,96
PONTEVEDRA	248.534	0,46	2,85
GALICIA	723.548	0,67	2,87
ESPAÑA	14.647.117	1,00	4,10
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	86.715	0,15	-0,80
LUGO	35.538	0,10	-1,49
OURENSE	25.212	0,18	-1,24
PONTEVEDRA	66.908	0,26	-0,23
GALICIA	214.373	0,18	-0,79
ESPAÑA	3.196.754	0,48	0,87
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	6.127	0,84	1,71
LUGO	1.556	3,60	2,77
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	13.529	1,72	-0,32
GALICIA	21.212	1,60	0,48
ESPAÑA	63.485	3,42	1,05

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.mtas.es>